A RULETA DA FORTUNA E A FANTASÍA
[Ryûsuke Hamaguchi, 2021, Xapón, 120', VOSE]

Lingua **Xaponés**
Dirección, guión e montaxe **Ryûsuke Hamaguchi**
Fotografía **Yukiko Iioka**
Son **Naoki Jono**
Música **Paul Bozzi**
Elenco **Kotone Furukawa, Ayumu Nakajima, Hyunri, Kiyohiko Shibukawa**
Produción **Satoshi Takata**
Distribución **Caramel**

A ruleta da fortuna e a fantasía é unha colección de tres historias impulsadas polo azar e a imaxinación en que as vidas dunha serie de personaxes femininas vense marcadas polas súas eleccións e arrepentimentos. Un triángulo amoroso inesperado, unha trampa de sedución fallida e un encontro xurdido dun malentendido forman un tríptico de contos unidos pola memoria, o engano e o destino.

Festival de Berlín 2021 Oso de Prata - Gran Premio do Xurado

VINDEIRA SESIÓNS SETEMBRO 2022

Martes 20 ***DRIVE MY CAR***
(Ryûsuke Hamaguchi, 2021, 179 min., VOSE)

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

cineclubepontevedra.blogspot.com.es

cineclubepontevedra

CineclubePo

Coa colaboración de:

Concello de Pontevedra · Teatro Principal Concello de Pontevedra · Federación de Cineclubes de Galicia · Xacobeo 21·22 · Xunta de Galicia

FS #160
13.9.2022

A RULETA DA FORTUNA E A FANTASÍA

RYÛSUKE HAMAGUCHI

CINECLUBE PONTEVEDRA

PARA MIRAR O MUNDO COMA SE FOSE A PRIMEIRA VEZ

Mariona Borrull

Un xesto de afecto mínimo, unha pequena inflexión na voz ou unha conversa que de socato fricciona. As casualidades, nimias e incribles: atopar repetidas veces a mesma persoa e que o día remate por levar o seu nome. O cinema de Ryûsuke Hamaguchi apréndenos, unha e outra vez, a fascinarnos por un mundo, de por si, fantástico. Atento ao vibrar das situacións, as súas imaxes resólvense sempre no silencio dun discreto plano medio, coma se os filmes se transcribisen a medida que son vividos perante a cámara, coma se só puidésemos acceder aos seus personaxes igual que coñecemos os nosos achegados, isto é, pasando tempo con eles.

E así, ao son dos días, perfílase *A ruleta da fortuna e a fantasía*. As tres historias desta antoloxía mínima ensaian camiños regados de agarimo, desexo e, por que non, dunha lixeira insatisfacción. Todas parten de encontros azarosos, mais cócense a lume lentísimo. Ao non ergueren nunca a voz, permitirán que nas súas imaxes medre aquel halo de maxia, escintileos de realidade que fan do noso mundo un bo sitio para vivir.

Publicado en fotogramas.es.
Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.

NO XAPÓN REPRÍMESE O INDIVIDUO DE MANEIRA AGOBIANTE

Entrevista a Ryûsuke Hamaguchi por Nando Salvà

Sen dúbida, 2021 foi o seu grande ano. No festival de Cannes gañou o premio ao Mellor Guión grazas a *Drive my car*, reflexión sobre o amor e a perda baseada nun relato de Murakami. E uns meses antes, en febreiro, obtivo o Premio Especial do Xurado na Berlinale con *A ruleta da fortuna e a fantasía*, impresionante colección de relatos curtos protagonizados por mulleres.

Como se lle ocorreron as tres historias independentes que forman *A ruleta da fortuna e a fantasía*? Sempre que comezo a traballar nunha longametraxe síntome algo sobrepasado e invádeme o medo a non ser quen de sacar o proxecto adiante. Pola contra, facer curtametraxes implica unha carga moito menor. As tres pezas que compoñen *A ruleta da fortuna e a fantasía* forman parte dun conxunto de sete curtas que ideei hai un tempo. Ocorréuseme desenvolvelas logo de ter un encontro casual hai tres anos con Mary Stephen, que era a montadora de Éric Rohmer e que me estivo falando do moito que lle gustaba a el narrar en formato curto. Estrear curtametraxes en salas resulta moi complicado, así que decidín rodar tres e estrealas xuntas baixo un mesmo título, para lle dar ao conxunto a aparencia dunha longametraxe.

En calquera caso, existen entre as tres varios núcleos temáticos comúns... As tres están protagonizadas por mulleres que buscan algo que non é doado describir con palabras. Supoño que esa procura de algo intanxible nas relacións e interaccións é algo que nos afecta a todas as persoas. Tamén quixen que as tres historias se artellasen a través da coincidencia e a casualidade. A aleatoriedade é un elemento fundamental na nosa vida cotiá, mais decateime de que usala como elemento vertebrador na narración é moi difícil.

Ao longo da súa carreira, vostede destacou especialmente como retratista de personaxes femininas. Que é o que o inclina cara a elas? Mentres escribía *Happy Hour* (2015) decateime de que adoptar o punto de vista das mulleres permíteme retratar o meu país dun xeito moito máis interesante. Os obstáculos e os problemas consubstanciais á sociedade xaponesa afectánlles ás mulleres dun xeito moito máis intenso e evidente do que aos homes. Alén diso, esfórzome por deixar claro que as persoas, independentemente do seu xénero, non son moi diferentes as unhas das outras. En calquera caso, sempre trato de que as miñas personaxes reivindiquen a súa propia individualidade, a pesar de que na sociedade xaponesa iso non sexa o habitual.

A que se refire? En xeral, as persoas xaponesas non falamos de forma explícita dos nosos propios sentimentos e emocións, porque iso significaría distinguir o noso propio eu e separarnos dos demais. Na sociedade xaponesa, subliñar a propia identidade e opoñela á identidade do grupo considérase un signo de egoísmo e arrogancia, e, polo tanto, algo prexudicial. Resúltame agobiante a represión do individuo que impera no meu país.

Tanto *A ruleta da fortuna e a fantasía* coma *Drive my car* inclúen conversas fascinantes dentro de coches. Que lle atrae dese tipo de espazos? Os coches son espazos estraños, ao tempo públicos e privados, e por un motivo que non son quen de identificar convidan a que a xente se abra e se sincere. Algúns dos meus directores favoritos, coma Abbas Kiarostami ou Wim Wenders, son expertos en rodar escenas no interior de coches. Os personaxes viaxan dentro deles e as relacións entre eles mudan en sintonía cos cambios que experimenta a paisaxe. É unha preciosa metáfora.

Publicado en elperiodico.com.
Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.